



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2025/32	A Xunta de Goberno Local

D.JACOBO BARREIRO PIMENTEL, SECRETARIO XERAL DO EXCMO.CONCELLO DE BAIONA
(PONTEVEDRA)

CERTIFICO:

Que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 22 de outubro de 2025, adoptouse, por unanimidade, o seguinte acordo:

12.- Expediente 3603/2025. Subvencións Directas ou Nominativas

ANTECEDENTES

Con data dez de setembro de 2025 solicítase pola Asociación de comerciantes e Empresarios de Baiona con CIF (G36822161) inicio de tramitación do convenio nominativo para a actividade "Baiona en Vela 2024". Edición Primavera e Verán.

No Anexo de Subvención e nas Bases de Execución do Orzamento Xeral de 2025 figura una subvención nominativa de 10.000 € a favor de ACEBA Asociación de comerciantes e Empresarios de Baiona para o desenvolvemento do proxecto Baiona en Vela con unha dotación na aplicación orzamentaria 4312/48910.

Con data 9 de outubro de 2025 asinase a proposta de convenio a formalizar coa devandita asociación polo Concelleiro de Comercio de Baiona.

Con esa mesma data, 9 de outubro de 2025, emítase informe nº 2025-0018 pola Técnica de cultura sobre a proposta do convenio nominativo á Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona para a actividade Baiona en Vela 2025. Edición Primavera-Verán.

Con data 13/10/2025 a Intervención municipal emite informe favorable nº 2025-0329.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:



Primeiro.- O artigo 47 da Lei 40/2015 sinala:

“1. Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Non teñen a consideración de convenios, os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares que comporten meras declaracións de intención de contido xeral ou que expresen a vontade das Administracións e partes subscritoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

2. Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

c) Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado.”

Pola súa banda o artigo 48 da devandita lei sinala:

“3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

4. A xestión, xustificación e resto de actuacións relacionadas cos gastos derivados dos convenios que inclúan compromisos financeiros para a Administración Pública ou calquera dos seus organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes que o subscriban, así como cos fondos comprometidos en virtude dos devanditos convenios, axustaranse ao disposto na lexislación orzamentaria.

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriba ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

7. Cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Así mesmo, cando o convenio teña por obxecto a delegación de competencias nunha Entidade Local, deberá cumprir co disposto en Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

Respecto ao contido dos convenios, sinala o artigo 49 da citada norma:

“os convenios aos que se refire o apartado 1 do artigo anterior deberán incluír, polo menos, as seguintes materias:

a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes dela ou das Universidades públicas.

c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.

d) Obrigacións e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houberse, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.



- e) Consecuencias aplicables en caso de incumplimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumplimento.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto dos convenios.
- g) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.
- h) Prazo de vixencia do convenio”

E o artigo 50 esixe: “1. Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario que o convenio se acompañe dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei.”

Segundo- No relativo á normativa de subvencións, no eido estatal, a Lei 38/20003, de Subvencións sinala no seu artigo 22 a posibilidade de conceder subvencións nominativas ao establecer:

“2. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”

Pola súa banda, no eido autonómico, a Lei 9/20007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a cal inclúe no seu artigo 3 dentro da súa aplicación ás entidades locais de Galicia, sinala no seu artigo 26 que:

“1. A resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na presente lei. Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

2. As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que se autorice a subscribir, haberán de axustarse ás previsións contidas na presente lei, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterán como mínimo os seguintes extremos:

a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular das mesmas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

b) Réxime xurídico aplicable.

c) Beneficiarios e modalidades de axuda.

d) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras.



3. A concesión de subvencións por importe superior a 150.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamentos, requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.”

O Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia sinala en canto ao procedemento de concesión, no seu artigo 37:

“1. Consideraranse subvencións nominativas aquelas en que o obxecto subvencionado, a dotación orzamentaria e o beneficiario individualizado polo nome ou razón social aparecen determinados expresamente no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma.

2. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciará de oficio o centro xestor do crédito orzamentario ao que se lle imputa a subvención, ou a instancia do interesado. O convenio será o instrumento habitual para canalizar estas subvencións. O procedemento rematará coa resolución de concesión ou o convenio. En calquera dos supostos previstos neste punto, o acto de concesión ou o convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do disposto na Lei de subvencións de Galicia. A resolución, ou no seu caso o convenio, deberá incluír os seguintes extremos:

a) Definición do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo con o disposto na Lei de orzamentos da comunidade autónoma do correspondente exercicio.

b) Crédito orzamentario ao que se lle imputa o gasto e a contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario, se fosen varios.

c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e pagos a conta, así como o réxime de garantías que, de acordo con o disposto neste regulamento, deberán achegar os beneficiarios.

e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

f) Obrigación do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

g) Obrigación do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

3. Cando a subvención sexa concedida mediante convenio e o importe sexa superior a 150.000 euros ou teña carácter plurianual, a aprobación do convenio requirirá de autorización previa polo Consello de la Xunta de Galicia, salvo que na lei de orzamentos dispóñase o contrario.”

Terceiro- Respecto ao órgano competente para a concesión de subvencións, é a Xunta de Goberno Local, segundo Resolución de 19 de xuño de 2023 de delegación de competencias, e entre elas: “Aprobación das bases reguladoras de subvencións e resolución dos expedientes de concesión de subvencións.”

Cuarto.-Respecto á existencia de consignación orzamentaria existe no expediente documento contable RC de retención de crédito nº 11533 por importe de 10.000 € na aplicación orzamentaria 4312/48910 do Orzamento Xeral de 2025.

Esta Alcaldía, eleva á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobación do Convenio de Colaboración entre a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona ACEBA (G36822161) e o Concello de Baiona, para a realización do proxecto: “Baiona en Vela” 2025. Edición Primavera-Verán que di textualmente o seguinte:



“PROPOSTA DE CONVENIO REGULADOR DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO DO CONCELLO DE BAIONA A FAVOR DE ACEBA.

REÚNENSE:

Dunha parte, Don Jesús Vázquez Almuíña, con DNI 36049165T, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Baiona, en virtude do seu cargo e en uso das facultades que lle veñen conferidas pola normativa vixente.

Doutra parte, D. Marcos Comesaña Chamorro con DNI 76990491-S, en representación da asociación de comerciantes e Empresarios de Baiona con CIF G-36822161, facultade que se deriva da súa condición de Presidente da devandita asociación.

Ambas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica e de obrar necesarias e suficientes para celebrar o presente convenio de colaboración, de acordo co disposto no artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a cuxos efectos:

MANIFESTAN:

I. Que de conformidade co disposto no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, de acordo cos termos previstos no mesmo artigo.

II. Que, de acordo co artigo 25.2.i da citada Lei 7/1985, é competencia municipal propia do municipio a regulación de feiras, abastos, lonxas e comercio ambulante.

III. Que no campo da promoción e difusión do comercio local contribúe de unha maneira fundamental a iniciativa privada e en particular as asociacións empresariais e comerciais do municipio na que as súas actividades son de interese público e social e veñen a complementar as actuacións levadas a cabo pola administración municipal.

IV. Que dentro das formas de actividade das administracións públicas, son de gran importancia as de fomento das actividades de interese público ou social que se desenvolven dende instancias cidadás e que resultan complementarias das actuacións municipais directas.

Concretamente, a subvención instrumentada a través dos oportunos convenios supón a participación deste Concello no financiamento de actividades, a iniciativa e organización das cales corre a cargo dos particulares, sempre que estas actividades se poidan considerar de interese público ou social.

V. Que o Pleno do Concello, en sesión celebrada o 14 de maio de 2025, recolle nas bases de execución do Orzamento Xeral para o 2025, un anexo de Subvencións do Orzamento Xeral do 2025 de subvencións nominativas outorgadas polo procedemento de concesión directa para o ano 2025.

VI. Que nesta relación de subvencións nominativas consta a favor da Asociación ACEBA unha subvención por importe de 10.000€, cantidade para a que se dotou o crédito correspondente á aplicación orzamentaria 4312/48910 do Orzamento Xeral do Concello de Baiona para 2025.

VII. A concesión desta subvención se encadra no establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Baiona.

VIII. Que a Asociación de Comerciantes e Empresarios ACEBA con CIF G36822161, ten entre os seus obxectivos tal e como recollen os seus estatutos, a promoción de iniciativas no ámbito urbanístico, artístico e cultural para cuestións que afecten e incidan no comercio local baionés.

IX. Que Aceba ten previsto realizar un Mercadillo outlet cos excedentes de cada temporada denominado “Baiona en Vela” Edición primaveira o 7 e 8 de maio e Edición verán o 15, 16 e 17 Agosto, organizando para elo unha serie de actividades culturais de balde de dinamización na rúa Carabela Pinta, como pasarrúas de



diversos grupos culturais durante os días que dura o mercado nas dúas edicións, colaborando deste xeito co concello de Baiona na organización e programación de actividades culturais para a cidadanía.

Para colaborar no logro do devandito obxectivo, ao amparo do disposto na lexislación vixente, e en particular o artigo 28 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións sobre concesión directa de subvencións, a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona-ACEBA e o Concello de Baiona acordaron a subscrición do presente convenio de colaboración, o cal se regulará de conformidade cos seguintes PACTOS:

PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto deste convenio é a regulación dunha subvención, prevista nominativamente no Orzamento Xeral do Concello a favor de ACEBA, co obxecto de establecer as bases de colaboración entre o Concello de Baiona e ACEBA para a organización de dicho evento, promovendo e incentivando a economía do pequeno comercio no Concello de Baiona.

SEGUNDO. FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

O Concello de Baiona establece unha achega económica de 10.000€ para a organización da actividade Baiona en Vela. Dito importe de 10.000€ impútase con cargo á aplicación orzamentaria 4312/48910 do Orzamento Xeral de 2025.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados. Non obstante, en ningún caso, o importe dos fondos recibidos poderán superar o custe da actividade ou proxecto subvencionado.

TERCEIRO. ACTUACIÓN SUBVENCIONADA E PRAZO DE REALIZACIÓN

A actuación subvencionada, seguirá o orzamento presentado na sede electrónica do Concello de data 02/10/2025, denominado "Baiona en Vela" Edición Primavera e Verán 2025.

As actividades a desenvolver serán:

- Instalación de carpas e mesas na rúa Carabela Pinta que permitan a organización e asignación de postos de venda dos comercios locais que se asentaron na vía pública.

-Música ambiente coa contratación de animación durante as dúas edicións do mercado: Edición Primavera e Edición Verán.

-Deseño e publicidade da cartelería do evento de ambas edicións.

-Iluminación e electricidade para dar cobertura ao mercadillo durante os días nas dúas edicións Primavera e Verán.

Que o orzamento máximo segundo consta no expediente, ascende a 13.722,88€ IVE engadido, desagregado do seguinte xeito:

ORZAMENTO	EDICIÓN PRIMAVERA 7 e 8 de xuño	EDICIÓN VERÁN 15, 16 e 17 de agosto	TOTAL IVA INCLUÍDO
Música ambiente	459,80	459,80	919,6
Deseño e publicidade	371,00	371,00	742,00
Aluguer de carpas e mesas	5.638,60	5.638,60	11.277,2



Equipamento escénico: luz e iluminación	377,52	406,56	784,08
TOTAL ORZAMENTO	6.846,92	6.875,96	13.722,88

Que a vixencia do presente convenio estenderase dende a data da súa firma e ata o 31 de decembro de 2025.

CUARTO. Obrigas do beneficiario.

- Non estar incurso en prohibicións para a obtención da condición de beneficiario do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local e fronte a Seguridade Social.
- Destinar a subvención exclusivamente para as actividades para o que se solicitou e concedeu. Cumprir o obxectivo, executar o programa e realizar as actividades subvencionadas, e acreditálo conforme o establecido na cláusula sétima deste convenio, acreditando a realización do programa así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinaron a concesión ou goce da axuda.
- Comunicar ao Concello de Baiona a obtención de calquera outra achega económica, institucional ou privada, que financien as mesmas actividades subvencionadas.
- Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento da actividade e de control financeiro que puideran realizar os distintos servizos do Concello, presentando a documentación esixida, así como facilitando calquera comprobación que por parte do Concello se estime conveniente realizar.
- Difundir o carácter público do financiamento da actividade en calquera material impreso, carteis, medios electrónicos ou audiovisuais referentes á actividade subvencionada. Facendo constar en toda a publicidade ou información da actividade subvencionada o logotipo do Concello de Baiona.

QUINTO. Forma de pagamento.

O pagamento farase efectivo no prazo dun mes desde a aprobación da conta xustificativa comprensiva da documentación referida na cláusula sétima do presente Convenio.

SEXTO. Órgano Xestor.

Ten a condición de órgano xestor desta subvención os servizos económicos do Concello de Baiona. Todo trámite relacionado con esta subvención se sustentará a través do mencionado órgano xestor.

SÉTIMO. Xustificación.

Para poder percibir a subvención, ACEBA deberá presentar antes do 30 de novembro de 2025, a través da sede electrónica: baiona.sedelectronica.gal, unha instancia subscrita pola persoa co cargo de presidente da entidade dirixida ó Alcalde do Concello de Baiona na que solicite o pago da subvención, no número de conta corrente indicada na mesma, achegando a conta xustificativa simplificada, de acordo co artigo 75 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, que comprenderá a seguinte documentación:

1. Memoria xustificativa, subscrita polo beneficiario ou seu representante, indicativa das actividades desenvolvidas (se concretará o número de participantes); así como, o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención e dos resultados obtidos.



2. Carteis, folletos ou outra documentación acreditativa da debida divulgación do financiamento da actividade por parte do Concello.

3. Relación subscrita polo beneficiario ou seu representante expresiva da totalidade dos gastos e investimentos derivados da actividade, debidamente desagregados e detallados, xunto coa relación desagregada dos ingresos que financian a actividade, onde se deberá indicar o seu importe, procedencia e aplicación. No caso de que se xustifique menos importe do sinalado no orzamento presentado pola asociación, indicaranse as desviacións acaecidas.

4. Facturas orixinais (con todos os requisitos esixidos polo RD 1496/2003) ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, por importe igual ou superior ó da subvención outorgada.

Así mesmo, achegarase xustificante de transferencia bancaria xustificativo de que as facturas presentadas foron pagadas.

5. Declaración subscrita polo beneficiario ou seu representante relativa a inexistencia doutras subvencións ou axudas que fosen obtidas para a mesma finalidade ou, no seu caso, unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A subvencionabilidade do IVE esixe previa acreditación da imposibilidade de recuperación ou compensación mediante achega de certificado de exención do IVE ou recoñecemento do carácter social da entidade expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No caso de que o gasto xustificado na actividade pola Entidade sexa inferior ós ingresos declarados pola mesma na conta xustificativa, abonarase a parte proporcional da subvención. Para estes efectos poderá verificarse pola Administración a percepción pola Entidade de subvencións non declaradas na conta xustificativa, e que sexan publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións. Nese caso se minorará proporcionalmente a subvención para abonar, tendo en conta os ingresos non declarados pola Entidade.

6.- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO. Devolución e reintegro.

Conforme ó disposto no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procederá o reintegro das cantidades percibidas, incluídos os intereses de demora dende a recepción do importe da subvención, nos seguintes casos:

a) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida.

b) Se o importe da subvención concedida en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superase o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade desenvoltoa.

As cantidades para reintegrar terán a consideración de ingresos de Dereito público, sendo de aplicación para o seu obro o disposto no artigo 10 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 17 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

NOVENO. Duración do convenio.

O presente convenio, entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, e ata a realización total da actividade subvencionada e xustificado o seu financiamento. A súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2025. No caso de que o beneficiario non achegue a xustificación completa dos gastos realizados, con toda a documentación antes enumerada, como data límite o 30 de novembro de 2025, decaerá o dereito á percepción dos fondos concedidos.



O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas ás que incorra o beneficiario, así como do deber de conservación da documentación que lle impón a vixente lexislación.

DÉCIMA. Seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do concello e polo Presidente/a da Asociación.

A Asociación beneficiaria, estará obrigada a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requirida pola Intervención Municipal no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003 e demais normativa aplicable.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poda facer a Intervención ou o órgano municipal competente.

UNDÉCIMA. Resolución.

Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes.

- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

DUODÉCIMA. Natureza do convenio e lexislación aplicable.

Este convenio ten natureza xurídico-administrativa. No non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Baiona, aprobadas polo Pleno da Corporación, no ano 2005, e resto da lexislación de Réxime Local reguladora das subvencións públicas e de procedemento administrativo.

Interpretación e xurisdición. Todas as cuestións que poidan xurdir na orde á interpretación e execución do presente convenio, considerando a súa natureza xurídico-administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

- Disposición adicional.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ó seu cumprimento, someténdose ambas as dúas partes ó acordado en todas as súas estipulacións.

E, en proba de conformidade, asinan no lugar e data indicados no encabezamento, na sinatura electrónica deste documento”.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto no importe de 10.000 €: dez mil euros, de conformidade co documento contable de retención de crédito nº 11533 na aplicación orzamentaria 4312/48910 do Orzamento Xeral de 2025.

Terceiro-Remitir o acordo de concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións, en cumprimento do sinalado no artigo 20 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona ACEBA (G36822161), para a sinatura do convenio, por canto, de conformidade co artigo 48.8 da Lei 40/2015, os convenios perfecciónanse polo consentimento das partes.



Vista a proposta de acordo obrante no expediente de referencia, que a Alcaldía eleva á Xunta de Goberno Local, ésta, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobación do Convenio de Colaboración entre a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona ACEBA (G36822161) e o Concello de Baiona, para a realización do proxecto: “Baiona en Vela” 2025. Edición Primavera-Verán que di textualmente o seguinte:

“PROPOSTA DE CONVENIO REGULADOR DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO DO CONCELLO DE BAIONA A FAVOR DE ACEBA.

REÚNENSE:

Dunha parte, Don Jesús Vázquez Almuíña, con DNI 36049165T, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Baiona, en virtude do seu cargo e en uso das facultades que lle veñen conferidas pola normativa vixente.

Doutra parte, D. Marcos Comesaña Chamorro con DNI 76990491-S, en representación da asociación de comerciantes e Empresarios de Baiona con CIF G-36822161, facultade que se deriva da súa condición de Presidente da devandita asociación.

Ambas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica e de obrar necesarias e suficientes para celebrar o presente convenio de colaboración, de acordo co disposto no artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a cuxos efectos:

MANIFESTAN:

I. Que de conformidade co disposto no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, de acordo cos termos previstos no mesmo artigo.

II. Que, de acordo co artigo 25.2.i da citada Lei 7/1985, é competencia municipal propia do municipio a regulación de feiras, abastos, lonxas e comercio ambulante.

III. Que no campo da promoción e difusión do comercio local contribúe de unha maneira fundamental a iniciativa privada e en particular as asociacións empresariais e comerciais do municipio na que as súas actividades son de interese público e social e veñen a complementar as actuacións levadas a cabo pola administración municipal.

IV. Que dentro das formas de actividade das administracións públicas, son de gran importancia as de fomento das actividades de interese público ou social que se desenvolven dende instancias cidadás e que resultan complementarias das actuacións municipais directas.

Concretamente, a subvención instrumentada a través dos oportunos convenios supón a participación deste Concello no financiamento de actividades, a iniciativa e organización das cales corre a cargo dos particulares, sempre que estas actividades se poidan considerar de interese público ou social.

V. Que o Pleno do Concello, en sesión celebrada o 14 de maio de 2025, recolle nas bases de execución do Orzamento Xeral para o 2025, un anexo de Subvencións do Orzamento Xeral do 2025 de subvencións nominativas outorgadas polo procedemento de concesión directa para o ano 2025.

VI. Que nesta relación de subvencións nominativas consta a favor da Asociación ACEBA unha subvención por importe de 10.000€, cantidade para a que se dotou o crédito correspondente á aplicación orzamentaria 4312/48910 do Orzamento Xeral do Concello de Baiona para 2025.



VII. A concesión desta subvención se encadra no establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Baiona.

VIII. Que a Asociación de Comerciantes e Empresarios ACEBA con CIF G36822161, ten entre os seus obxectivos tal e como recollen os seus estatutos, a promoción de iniciativas no ámbito urbanístico, artístico e cultural para cuestións que afecten e incidan no comercio local baionés.

IX. Que Aceba ten previsto realizar un Mercadillo outlet cos excedentes de cada temporada denominado "Baiona en Vela" Edición primavera o 7 e 8 de maio e Edición verán o 15, 16 e 17 Agosto, organizando para elo unha serie de actividades culturais de balde de dinamización na rúa Carabela Pinta, como pasarrúas de diversos grupos culturais durante os días que dura o mercado nas dúas edicións, colaborando deste xeito co concello de Baiona na organización e programación de actividades culturais para a cidadanía.

Para colaborar no logro do devandito obxectivo, ao amparo do disposto na lexislación vixente, e en particular o artigo 28 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións sobre concesión directa de subvencións, a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona-ACEBA e o Concello de Baiona acordaron a subscrición do presente convenio de colaboración, o cal se regulará de conformidade cos seguintes PACTOS:

PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto deste convenio é a regulación dunha subvención, prevista nominativamente no Orzamento Xeral do Concello a favor de ACEBA, co obxecto de establecer as bases de colaboración entre o Concello de Baiona e ACEBA para a organización de dicho evento, promovendo e incentivando a economía do pequeno comercio no Concello de Baiona.

SEGUNDO. FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

O Concello de Baiona establece unha achega económica de 10.000€ para a organización da actividade Baiona en Vela. Dito importe de 10.000€ impútase con cargo á aplicación orzamentaria 4312/48910 do Orzamento Xeral de 2025.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados. Non obstante, en ningún caso, o importe dos fondos recibidos poderán superar o custe da actividade ou proxecto subvencionado.

TERCEIRO. ACTUACIÓN SUBVENCIONADA E PRAZO DE REALIZACIÓN

A actuación subvencionada, seguirá o orzamento presentado na sede electrónica do Concello de data 02/10/2025, denominado "Baiona en Vela" Edición Primavera e Verán 2025.

As actividades a desenvolver serán:

- Instalación de carpas e mesas na rúa Carabela Pinta que permitan a organización e asignación de postos de venda dos comercios locais que se asentaron na vía pública.

-Música ambiente coa contratación de animación durante as dúas edicións do mercado: Edición Primavera e Edición Verán.

-Deseño e publicidade da cartelería do evento de ambas edicións.

-Iluminación e electricidade para dar cobertura ao mercadillo durante os días nas dúas edicións Primavera e Verán.

Que o orzamento máximo segundo consta no expediente, ascende a 13.722,88€ IVE engadido, desagregado do seguinte xeito:



ORZAMENTO	EDICIÓN PRIMAVERA 7 e 8 de xuño	EDICIÓN VERÁN 15, 16 e 17 de agosto	TOTAL IVA INCLUÍDO
Música ambiente	459,80	459,80	919,6
Deseño e publicidade	371,00	371,00	742,00
Aluguer de carpas e mesas	5.638,60	5.638,60	11.277,2
Equipamento escénico: luz e iluminación	377,52	406,56	784,08
TOTAL ORZAMENTO	6.846,92	6.875,96	13.722,88

Que a vixencia do presente convenio estenderase dende a data da súa firma e ata o 31 de decembro de 2025.

CUARTO. Obrigas do beneficiario.

- Non estar incurso en prohibicións para a obtención da condición de beneficiario do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local e fronte a Seguridade Social.
- Destinar a subvención exclusivamente para as actividades para o que se solicitou e concedeu. Cumprir o obxectivo, executar o programa e realizar as actividades subvencionadas, e acreditarlo conforme o establecido na cláusula sétima deste convenio, acreditando a realización do programa así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinaron a concesión ou goce da axuda.
- Comunicar ao Concello de Baiona a obtención de calquera outra achega económica, institucional ou privada, que financien as mesmas actividades subvencionadas.
- Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento da actividade e de control financeiro que puideran realizar os distintos servizos do Concello, presentando a documentación esixida, así como facilitando calquera comprobación que por parte do Concello se estime conveniente realizar.
- Difundir o carácter público do financiamento da actividade en calquera material impreso, carteis, medios electrónicos ou audiovisuais referentes á actividade subvencionada. Facendo constar en toda a publicidade ou información da actividade subvencionada o logotipo do Concello de Baiona.

QUINTO. Forma de pagamento.

O pagamento farase efectivo no prazo dun mes desde a aprobación da conta xustificativa comprensiva da documentación referida na cláusula sétima do presente Convenio.

SEXTO. Órgano Xestor.

Ten a condición de órgano xestor desta subvención os servizos económicos do Concello de Baiona. Todo trámite relacionado con esta subvención se sustentará a través do mencionado órgano xestor.

SÉTIMO. Xustificación.



Para poder percibir a subvención, ACEBA deberá presentar antes do 30 de novembro de 2025, a través da sede electrónica: baiona.sedelectronica.gal, unha instancia subscrita pola persoa co cargo de presidente da entidade dirixida ó Alcalde do Concello de Baiona na que solicite o pago da subvención, no número de conta corrente indicada na mesma, achegando a conta xustificativa simplificada, de acordo co artigo 75 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, que comprenderá a seguinte documentación:

1. Memoria xustificativa, subscrita polo beneficiario ou seu representante, indicativa das actividades desenvolvidas (se concretará o número de participantes); así como, o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención e dos resultados obtidos.

2. Carteis, folletos ou outra documentación acreditativa da debida divulgación do financiamento da actividade por parte do Concello.

3. Relación subscrita polo beneficiario ou seu representante expresiva da totalidade dos gastos e investimentos derivados da actividade, debidamente desagregados e detallados, xunto coa relación desagregada dos ingresos que financian a actividade, onde se deberá indicar o seu importe, procedencia e aplicación. No caso de que se xustifique menos importe do sinalado no orzamento presentado pola asociación, indicaranse as desviacións acaecidas.

4. Facturas orixinais (con todos os requisitos esixidos polo RD 1496/2003) ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, por importe igual ou superior ó da subvención outorgada.

Así mesmo, achegarase xustificante de transferencia bancaria xustificativo de que as facturas presentadas foron pagadas.

5. Declaración subscrita polo beneficiario ou seu representante relativa a inexistencia doutras subvencións ou axudas que fosen obtidas para a mesma finalidade ou, no seu caso, unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A subvencionabilidade do IVE esixe previa acreditación da imposibilidade de recuperación ou compensación mediante achega de certificado de exención do IVE ou recoñecemento do carácter social da entidade expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No caso de que o gasto xustificado na actividade pola Entidade sexa inferior ós ingresos declarados pola mesma na conta xustificativa, abonarase a parte proporcional da subvención. Para estes efectos poderán verificarse pola Administración a percepción pola Entidade de subvencións non declaradas na conta xustificativa, e que sexan publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións. Nese caso se minorará proporcionalmente a subvención para abonar, tendo en conta os ingresos non declarados pola Entidade.

6.- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO. Devolución e reintegro.

Conforme ó disposto no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procederá o reintegro das cantidades percibidas, incluídos os intereses de demora dende a recepción do importe da subvención, nos seguintes casos:

a) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida.

b) Se o importe da subvención concedida en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superase o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade desenvolvida.

As cantidades para reintegrar terán a consideración de ingresos de Dereito público, sendo de aplicación para o seu obro o disposto no artigo 10 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o



Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 17 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

NOVENO. Duración do convenio.

O presente convenio, entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, e ata a realización total da actividade subvencionada e xustificada o seu financiamento. A súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2025. No caso de que o beneficiario non achegue a xustificación completa dos gastos realizados, con toda a documentación antes enumerada, como data límite o 30 de novembro de 2025, decaerá o dereito á percepción dos fondos concedidos.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas ás que incorra o beneficiario, así como do deber de conservación da documentación que lle impón a vixente lexislación.

DÉCIMA. Seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do concello e polo Presidente/a da Asociación.

A Asociación beneficiaria, estará obrigada a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requirida pola Intervención Municipal no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003 e demais normativa aplicable.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poda facer a Intervención ou o órgano municipal competente.

UNDÉCIMA. Resolución.

Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes.

- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

DUODÉCIMA. Natureza do convenio e lexislación aplicable.

Este convenio ten natureza xurídico-administrativa. No non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Baiona, aprobadas polo Pleno da Corporación, no ano 2005, e resto da lexislación de Réxime Local reguladora das subvencións públicas e de procedemento administrativo.

Interpretación e xurisdición. Todas as cuestións que poidan xurdir na orde á interpretación e execución do presente convenio, considerando a súa natureza xurídico-administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

- Disposición adicional.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ó seu cumprimento, someténdose ambas as dúas partes ó acordado en todas as súas estipulacións.

E, en proba de conformidade, asinan no lugar e data indicados no encabezamento, na sinatura electrónica deste documento”.



Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto no importe de 10.000 €: dez mil euros, de conformidade co documento contable de retención de crédito nº 11533 na aplicación orzamentaria 4312/48910 do Orzamento Xeral de 2025.

Terceiro.-Remitir o acordo de concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións, en cumprimento do sinalado no artigo 20 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á Asociación de Comerciantes e Empresarios de Baiona ACEBA (G36822161), para a sinatura do convenio, por canto, de conformidade co artigo 48.8 da Lei 40/2015, os convenios perfecciónanse polo consentimento das partes.

E para que conste, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

